

1º Bac.

1ª Avaliación

1º Parcial Temas 1 e 3

2º Parcial Temas 2 e 4

2ª Avaliación

1º Parcial Temas 5 e 6

2º Parcial Temas 7 e 8

3ª Avaliación

1º Parcial Temas 10 e 11

Traballo Grupo (Sobre tema a escoller entre o período máis recente da Hª contemporánea)

A nota final de cada avaliación será o resultado de sumar dous apartados cualificados numéricamente da seguinte forma:

Os parciais puntuaranse sobre 9 puntos. Farase a media dos dous sempre e cando se supere o 3 en cada un deles, en caso de que algún dos parciais, ou os dous, non acade esa nota os temas así cualificados serán obxecto de recuperación nunha proba que a tal efecto se realizará ó comezo da seguinte avaliación ou ó final da mesma no caso da derradeira ordinaria (sempre que a nota media non chegase ó aprobado). As partes con cualificación igual ou superior a 4,5 consérvanse como aprobadas malia que a nota da avaliación sexa suspenso.

O comportamento na aula, o traballo desenvolvido na mesma e a actitude cara ós compañeiros e docente cualifícaranse co máximo de 1 punto.

As probas escritas constarán de tres apartados:

5 preguntas curtas (conceptos definidos en catro ou cinco liñas) X 0,6= 3pts.

2 preguntas longas, escóllese unha (aproximadamente unha cara de folio) X 3= 3pts.

2 comentarios de texto, escóllese un X 3=3pts.

Debido á extensión das probas, estas realizaranse en dous días: o primeiro día preguntas curtas e longa e o 2º día comentario de texto. Na convocatoria de setembro todos os apartados da proba realizaranse o mesmo día.